

**PLAN
DE
ACCIÓN
2012**

Federación **autismog**a**licia**



FEDERACIÓN AUTISMO GALICIA

A Federación Autismo Galicia (FAG), fundada no ano 1995, é unha entidade privada sen ánimo de lucro, declarada de utilidade pública dende o ano 2003, e inscrita no rexistro central de Asociacións da Consellería da Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

Desde os seus inicios presta servizos profesionais tanto ás entidades federadas como a todas as persoas: familias e outros colectivos, vinculados por diversos motivos aos Trastornos do Espectro do Autismo, (TEA) tratando de " Manter e consolidar a rede de servizos da Federación Autismo Galicia atendendo ás necesidades reais das persoas con TEA".

A entidade centra a súa actividade na elaboración e execución de proxectos entre os que destacan os orientados, principalmente, a : acercar os Servizos que prestan as entidades aos/as usuarios/as; consolidar o funcionamento do centro de recursos da FAG como centro de formación específica e de referencia para traballadores/as, profesionais externos, familias e voluntarios/as; Desenvolver o ocio e o tempo libre para o colectivo do seu entorno; Establecer un modelo eficiente de xestión administrativa e financeira das entidades e da Federación; Desenvolver estratexias de comunicación para o coñecemento social do TEA, das entidades e da Federación Autismo Galicia.

Obxecto social da entidade: Misión, Visión, Valores, Principios, Fins e Actividades.

A misión da Federación Autismo Galicia é mellorar a Calidade de Vida das Persoas con TEA e das súas familias. Os/as destinatarios/as dos Servizos da Federación Autismo Galicia son as Entidades Galegas que desenvolven o seu labor coas Persoas con Trastornos do Espectro do Autismo e coas súas Familias, e que son membro da Federación.

A Federación, constitúe un referente técnico que contribúe ao deseño de políticas de inclusión social e é un referente informativo que contribúe a visualizar a realidade das Persoas con TEA e das súas Familias.

Promovemos o consenso nos obxectivos e liñas de actuación entre as entidades que traballan no ámbito do Autismo en Galicia, as que prestamos servizos complementarios cun estilo que fomenta a participación, a transparencia, a solidariedade e o exercicio democrático.

Autismo Galicia, basea a súa actuación nos *principios* de transparencia informativa, participación, solidariedade, igualdade e de democracia interna.

Os *valores* que defende son:

- Consideración da Persoa con TEA como suxeito con dereitos e deberes en igualdade de condicións ao resto das persoas.
- Calidade total nas entidades e servizos.
- Importancia da Familia en todos os programas orientados á intervención coas Persoas con TEA.
- Necesidade de colaboración entre profesionais e familias para un funcionamento eficiente e de calidade das entidades.

A Federación persegue os seguintes *fins*:

- a) Servir de nexo de unión entres as distintas Entidades e Organizacións membros.
- b) Defender a dignidade e os dereitos civís, políticos, económicos, culturais, sociais, laborais, etc. das Persoas con Trastornos do Espectro do Autismo, en igualdade de oportunidades.
- c) Promover a integración social, laboral e a normalización das persoas con Trastornos do Espectro do Autismo, fomentando actitudes sociais positivas cara ao colectivo en Galicia.
- d) Desenvolver todo tipo de accións encamiñadas a mellorar a calidade de vida das persoas con Trastornos do Espectro do autismo e das súas familias.
- e) Orientar, coordinar e impulsar o movemento asociativo con criterios de solidariedade, promovendo unha imaxe común da Federación.
- f) Promover a formación e a investigación sobre os Trastornos do Espectro do Autismo.

A Federación para o cumprimento dos seus *fins*, realizará as seguintes actividades:

- a) Coordinar e realizar cantas accións e iniciativas sexan precisas para a obtención de recursos a nivel local, comarcal, de Galicia, do Estado Español, da Unión Europea e doutros organismos públicos e privados, así como de Federacións Estatais ou Internacionais que redunden en beneficio das entidades membro e no cumprimento dos fins da Federación.

- b) Ser portavoz das entidades membro.
- c) Crear as condicións para que as Entidades membro poidan desenvolver servizos e programas que melloren a calidade de vida das persoas con Trastorno do Espectro do Autismo e das súas Familias.
- d) Todas aquelas que contribúan á consecución dos fins da Federación, tales como:
 - Promover e realizar iniciativas relacionadas coa investigación dos Trastornos do Espectro do Autista.
 - Promover e realizar actividades de carácter pedagóxico e de formación, como cursos, xornadas, seminarios, congresos, etc. relacionados cos fins da Federación
 - Realizar labores de asesoramento ás persoas con Trastorno do Espectro do Autismo, ás Familias, aos/as Profesionais, ás Entidades Membro e/ou a calquera outro interesado.
 - Promover e realizar accións relacionadas con actividades lúdicas, de ocio, de tempo libre, e de respiro para as persoas con Trastorno do Espectro do Autismo, para as súas Familias e para toda persoa ou Entidade Membro da Federación.
 - Promover e realizar actividades de sensibilización e de información relacionadas cos fins da Federación.
 - Promover e realizar calquera outro tipo de acción ou de actividade de cara a consecución dos fins da Federación Autismo Galicia.

PLAN DE ACCIÓN 2012

Área de Apoio ao colectivo

- Se encarga de desenvolver os programas que teñen como beneficiario o colectivo en Galicia: familias e persoas con Trastornos do Espectro do Autismo membros das entidades federadas.

Para o ano 2012, dentro deste área operativa se desenvolverán dous tipos de programas: anuais e semestrais.

Programas anuais

LIÑAS DE ACCIÓN:

- 1.- Desenvolver o programa de ocio e respiro familiar:
- 2.- Desenvolver o programa de voluntariado.
- 3.- Desenvolver o programa de formación e rede de autoapoio para familias.
- 4.- Representatividade do colectivo.

Obxectivos:

1. Desenvolver o programa de ocio e respiro familiar:
 - Manter e mellorar a oferta en ocio e respiro familiar que anualmente se ofrece ás persoas con TEA e familias das entidades federadas, ben mediante a utilización de recursos públicos: albergues Xunta de Galicia, ou privados que se adapten ás necesidades específicas do colectivo e que fomenten unha atención individual e adaptada, prestada por profesionais con experiencia e formados pola Federación.
2. Desenvolver o programa de voluntariado:
 - Facer campañas de sensibilización e información sobre o voluntariado con persoas con TEA: folletos informativos, posters, participación en congresos e

accións formativas: congresos estatais e autonómicos e formación específica a través da colaboración coa Xunta de Galicia.

- Promoción do voluntariado a través do enlace web: "faite voluntario", do portal web da Federación.

3. Desenvolver o programa de formación e rede de autoapoio para familias.

- Realizar xornadas de formación para familias de persoas con TEA que dean resposta a todas ás áreas do ciclo vital da persoa con TEA, así como a promoción de programas para promover a adquisición de habilidades funcionais destinadas ao coidado da saúde e desenvolvemento de hábitos saudables para previr o deterioro da saúde e o envellecemento prematuro das persoas con TEA.

4.- Representatividade do colectivo.

- Participación en comisións de traballo relativas a aqueles contidos relacionados co colectivo: CERMI GALICIA: ocio e tempo de lecer.
- Participación en congresos e encontros de discapacidade en xeral e autismo en particular e noutros de temáticas relacionadas co colectivo.

A área operativa de Apoio ao colectivo, tamén desenvolve programas específicos e puntuais de estudo sobre os Trastornos do Espectro do Autismo en Galicia e servizos para a atención ao colectivo na Comunidade Autónoma.

Programas semestrais

LIÑAS DE ACCIÓN:

- 1.- Programa de investigación sobre a prevalenza dos TEA na Comunidade Autónoma.
- 2.- Elaboración da carteira de servizos das entidades federadas.

Obxectivos:

1. Programa de investigación sobre a prevalenza dos TEA na Comunidade Autónoma.

- Desenvolver un estudo sobre a prevalenza dos TEA na Comunidade Autónoma que se iniciará e implementará, no seu inicio, durante o primeiro semestre do ano 2012, coa toma de contacto cos servizos sociais dos

concellos e centros de saúde para a cumprimentación de enquisas que permitan coñecer o número ou porcentaxe de persoas con TEA naqueles concellos con menor cobertura de servizos específicos.

2. Elaboración da carteira de servizos das entidades federadas.

- Crear, a través da aplicación FAGnet, a carteira de servizos que prestan as entidades da Federación Autismo Galicia, que facilite a elaboración de proxectos comúns, así como a existencia dunha base de datos sobre servizos compartida.

Área de Emprego e Formación

- Se encarga dos programas específicos para a integración socio laboral do colectivo, así como das accións de formación interna e externa.
-

LIÑAS DE ACCIÓN

- 1.- Programa Axentes de Emprego.
- 2.- Programa de Servizo Galego de Colocación.
- 3.- Programa de formación interna.
- 4.- Programa de formación externa.
- 5.- Representatividade do colectivo.

Obxectivos:

1.- Programa Axentes de Emprego.

- Divulgar e sensibilizar sobre as posibilidades de integración socio laboral do colectivo: mediante a elaboración de dossiers informativos e publicacións específicas.
- Realizar de tarefas de prospección laboral en empresas: presentando as posibilidades de inserción socio laboral das persoas con TEA.

2.- Programa de Servizo Galego de Colocación.

- Dotar dun servizo de apoio aos servizos públicos de emprego que permita dispoñer de persoal de apoio ao desenvolvemento das accións e actividades da área de emprego.

3.- Programa de formación interna.

- Potenciar a formación continua dos profesionais da Federación.
- Realizar estudo das necesidades formativas dos profesionais das entidades federadas de cara a elaborar unha oferta formativa consecuenta coas mesmas.

4.- Programa de formación externa.

- Desenvolver curso de formación especializada en ocio e tempo libre para persoas con TEA: que permita manter a carteira de profesionais especializados na atención e coidado das persoas con TEA.
- Desenvolver curso de formación especializada en voluntariado en colaboración coa Xunta de Galicia.
- Desenvolver accións formativas AFD: curso coidador de discapacitados físicos e psíquicos e curso de preparador laboral especialista nos TEA e outras discapacidades.

5.- Representatividade do colectivo.

- Participación en comisións de traballo relativas a aqueles contidos relacionados coa área operativa: CERMI GALICIA: emprego e formación. EAPN Galicia.
- Participación en congresos e encontros de discapacidade en xeral e autismo en particular e noutros de temáticas relacionadas coa área operativa.

Área de Programas e Proxectos

Se encarga da planificación, estudo e elaboración de proxectos e desenvolvemento técnico dos mesmos.

LIÑAS DE ACCIÓN

- 1.- Dotar á Federación dos recursos necesarios para o mantemento e desenvolvemento de actividades.
- 2.- Estudiar e elaborar proxectos temáticos comúns ao colectivo.
- 3.- Representatividade do colectivo.

Obxectivos

1.- Dotar á Federación dos recursos necesarios para o mantemento e desenvolvemento de actividades.

- Garantir o financiamento do mantemento da Federación e desenvolvemento de accións propias: sensibilización e información, publicacións, ocio, respiro familiar, emprego, formación, voluntariado e relacións institucionais.

2.- Estudiar e elaborar proxectos temáticos comúns ao colectivo.

- Traballar pola busca de recursos e pola cobertura de necesidades específicas do colectivo que afectan a todas as asociacións federadas: atención temperá, ratios de atención, especificidade do colectivo, promoción e adaptación e continuidade dos servizos especializados de apoio ás persoas con TEA, dentro do marco do normativo do Sistema de Autonomía e Atención á Dependencia.

3.- Representatividade do colectivo

- Actuacións de sensibilización a favor de entidades financiadoras para dar a coñecer as necesidades e característica específicas do colectivo das persoas con TEA e ás súas familias co propósito de favorecer o recoñecemento destas particularidades nos proxectos presentados dentro das súas convocatorias.

Área de Administración e Xestión

Se encarga da xestión económica e financeira da Entidade e da xestión de recursos humanos.

LIÑAS DE ACCIÓN.

- 1.- Garantir a calidade da xestión económica e contable da Federación.
- 2.- Xestión documental e dos recursos humanos da Federación.

Obxectivos:

1.- Garantir a calidade da xestión económica e contable da Federación.

- Garantir a calidade das actuacións mediante unha estrutura administrativa, contable, e de xestión de recursos estandarizado: xustificación e adaptación de programas en coordinación coa entidade financiadora, contabilidade xeral e analítica por programas, control e avaliación de servizos e provedores.

2.- Xestión documental e dos recursos humanos da Federación.

- Organizar e manter unha estrutura documental con apoio na aplicación informática FAGnet e demais arquivos que permita unha xestión áxil e eficaz.
- Xestionar eficazmente os recursos humanos da Federación.

Área de Comunicación e Organización

Se encarga das accións de comunicación da entidade e da organización de eventos e labores de difusión e sensibilización sobre o colectivo, así como dos medios de comunicación dixital.

Programación anual.

LIÑAS DE ACCIÓN.

- 1.- Mellorar a comunicación da Federación cos medios de comunicación.
- 2.- Sensibilizar e informar á sociedade.
- 3.- Mellorar a comunicación coas entidades.
- 4.- Representatividade do colectivo

Obxectivos

1.- Mellorar a comunicación da Federación cos medios de comunicación.

- Promover e facilitar a aparición do colectivo nos medios de comunicación, facilitando información sobre as actividades desenvoltas tanto na Federación como nas entidades.
- Promover o uso axeitado do termino autismo e favorecer a visión positiva das persoas con TEA.

2.- Sensibilizar e informar á sociedade.

- Desenvolver campañas de información e sensibilización que fomenten a visión social e positiva das persoas con TEA e ás súas familias.
- Desenvolver, en coordinación coa Confederación Autismo España, Organización Mundial do Autismo e Autismo Europa as accións do día mundial de concienciación sobre o autismo.
- Promover servizos, informar e sensibilizar a través do portal web: www.autismogalicia.org
- Promover a sensibilización a través das publicacións propias: MAREMAGNUM, publicación galega de persoas con Trastornos do Espectro do Autismo.
- Documentación informativa sobre a Federación Autismo Galicia e os TEA.
- Participación en redes sociais: facebook.

3.- Mellorar a comunicación coas entidades.

- Boletín bimensual: BIAR: información sobre accións e actividades das entidades, temas de investigación e novidades.
- Flash: información sobre accións e actividades da Federación.

4.- Representatividade do colectivo

- Participación en comisións de traballo relativas a aqueles contidos relacionados coa área operativa: CERMI GALICIA: comunicación. EAPN Galicia comunicación.

Programa semestral

Se encargará de crear os soportes técnicos que faciliten e melloren a comunicación interna e o traballo en rede entre os profesionais da Federación.

LIÑAS DE ACCIÓN.

- 1.- Mellorar a rede de traballo técnico interno da Federación.
- 2.- Implementación da aplicación informática FAGnet.
- 3.- Mellorar os soportes de comunicación.

Obxectivo.

1.- Mellorar a rede de traballo técnico interno da Federación

- Modificar a rede de traballo da Federación para axustala ás necesidades reais garantindo deste xeito a eficacia e maior eficiencia do mesmo.

2.- Implementación da aplicación informática FAGnet.

- Implementación da aplicación informática FAGnet na Federación e nas entidades.
- Introducir as melloras oportunas que permitan a adaptación da aplicación ás necesidades reais do colectivo.

3.- Mellorar os soportes de comunicación

- Actualizar e mellorar nos seus aspectos técnicos o portal web da Federación.
- Introducir melloras técnicas nos medios de comunicación dixitais: BIAR, FLASH.
- Organizar os medios de comunicación da Federación atendendo a mellorar as comunicacións externas e internas.

ORZAMENTOS

2012

Federación **autismog**alicia

ORZAMENTOS 2012

1. Ingresos da entidade por actividade propia		337.706,00 €
Cotas de usuarios (720)		7.250,00 €
Cotas campamentos	5.000,00 €	
Cotas monitores	2.250,00 €	
Cotas afiliados	3.380,00 €	3.380,00 €
Subvencións oficiais afectas á act. Propia (725)		324.176,00 €
Subvención IRPF	8.000,00 €	
Convenio C ^a Traballo-Actividades	76.620,00 €	
Subvención DX Formación	58.000,00 €	
Subvención DX Formación-SGO	12.000,00 €	
Subvención DX Promoción emprego-Axentes	53.500,00 €	
Subvención DX Promoción emprego-P.C.	50.000,00 €	
Subvención C ^a Sanidade	13.500,00 €	
Subvención DX Voluntariado	1.400,00 €	
Subvención Concello de Santiago	1.300,00 €	
Axudas Obras Sociais	12.000,00 €	
Subvención Deputación Coruña	11.000,00 €	
Fundación ONCE	3.256,00 €	
Subvencións de capital traspasadas	23.600,00 €	
Donacións e legados (726)	400,00 €	400,00 €
Facturación	2.500,00 €	2.500,00 €
2. Axudas monetarias e outros		3.200,00 €
Compensación de Gastos por Colaboración (653)		
Compensación de Gastos a Voluntarios	€ 200,00	
Reembolso de Gastos a Órganos de Goberno (654)		
Reembolso de Gastos de Xunta Directiva	€ 3.000,00	
4. Gastos de persoal		203.961,12 €
Soldos e Salarios (640)	155.322,68 €	
Salarios Persoal		
Seguridade Social (642)	48.638,44 €	
S. Social Persoal		

5. Outros gastos de explotación		103.216,88 €
Aprovisionamentos (600)		41.318,21 €
Campamentos	7.819,35	
Curso monitor	756,00	
Curso Preparador	16.755,66 €	
Curso Cuidador	15.987,20 €	
Reparacións e conservación (622)		8.860,00 €
Reparacións de Instalacións	2.250,00 €	
Reparacións de Construcciónes	4.110,00 €	
Mantemento fotocopiadora	2.500,00 €	
Servizos de profesionais independentes (623)		15.541,05 €
Asesorías e Xestorías	4.000,00 €	
Prevenición de Riscos Laborais	840,00 €	
Docentes	8.440,00 €	
Outros servizos profesionais	2.261,05 €	
Transporte (624)		3.469,70 €
Transporte usuarios día do Autismo	1.800,00 €	
Transporte actividades	1.669,70 €	
Seguros (625)		3.200,00 €
Seguros para as inversións e as actividades.	3.200,00 €	
Servizos bancarios e similares (626)		200,00 €
Gastos gestión de recibos, comision...	200,00 €	
Publicaciónes (627)		6.030,00 €
Publicacións	4.500,00 €	
Publicidade	330,00 €	
Relacións públicas	1.200,00 €	
Suministros (628)		4.050,00 €
Carburantes	800,00 €	
Electricidade	2.500,00 €	
Augua	450,00 €	
Autopista	300,00 €	
Otros servizos (629)		20.512,92 €
Gastos de comunidade	1.900,00 €	
Gasto de Limpeza	5.500,00 €	
Gasto de Correos e Mensaxería	850,00 €	
Cotas	1.987,62 €	
Formación personal.	400,00 €	
Teléfonos.	6.000,00 €	
Dietas e Gastos de Locomoción	1.500,00 €	
Material oficina	400,00 €	
Gasto de Oficina	400,00 €	
Material de Aseo	200,00 €	
Otros Servizos	1.375,30 €	
Tributos (631)		35,00 €
Tributos Locais e Taxas	35,00 €	

6. Amortización do Inmovilizado		23.533,00 €
--	--	--------------------

Amortización do Inmovilizado Inmaterial (680)	568,00 €
Gasto das inversións do exercicio	
Amortización do Inmovilizado Material (681)	22.965,00 €
Gasto das inversións do exercicio	
A) RESULTADO DE EXPLOTACIÓN	3.795,00 €
7. Ingresos financeiros	5,00 €
Ingresos financeiros (769)	5,00 €
Intereses Contas Bancarias	
8. Gastos financeiros	3.800,00 €
Intereses con entidades de crédito (662)	3.800,00 €
Intereses de préstamos	
Outros Gastos Financieros (669)	
Liquidación intereses contas bancarias	
B) RESULTADO FINANCIERO	- 3.795,00 €
C) RESULTADO DO EXERCICIO	- 0,00 €